

ECONOMÍAS DE ESCALA:

Grandes series de producción a baixo prezo.

O poder que ten unha empresa cando acada um nivel óptimo de producción e pode fabricar artigos a menor custo.



ENERXÍAS RENOVABLES:

Coñecidas tamén como enerxías alternativas. Fontes enerxéticas limpas e renovables en proceso de investigación e desenvolvemento, pero que na actualidade son claramente insuficientes para cubrir a demanda enerxética. Exemplos: a enerxía eólica, a solar, a xeotérmica, a maremotriz....



DIFUSIÓN INDUSTRIAL:

Proceso de mobilidade das actividades industriais, con novos tipos de localizacións xeográficas (polígonos industriais, parques tecnolóxicos), debido a razóns económicas e medioambientais.

Distribución e espallamento espacial dos distintos núcleos urbanos dunha cidade ou comarca.



FONDOS ESTRUTURAIS:

Fondos da UE destinados a reducir as diferenzas non desenvolvemento entre rexións europeas, apoiando ás máis desfavorecidas mediante inversións nunha serie de obxectivos: desenvolvemento das rexións máis atrasadas, reconversión das máis afectadas pola crise, etc.



SUBCONTRATACIÓN:


Chamada tamén terciarización ou “outsourcing”, é o proceso económico mediante o cal unha empresa move ou destina os recursos dun servizo ou infraestrutura a outras empresas menores para aforrar custos. A empresa principal non realiza directamente certas tarefas, derivando estas a outras empresas ou persoas mediante un contrato.



MATERIAS PRIMAS ESTRATÉGICAS:

Minerais considerados estratégicos para o desenvolvimento das novas tecnoloxías (industria de aparellos electrónicos, compoñentes informáticos, telefonía móbil, tecnoloxía nuclear....

Entre eles destacan o petróleo, o uranio, o coltán, o niobio, o cobre, o berilio, o molibdeno, chumbo, zinc, platino.....



INDUSTRIAS VERDES:

Tamén coñecidas como ecolóxicas ou ambientais, son unha nova rama industrial que ten como fin desenvolver tecnoloxías limpas para a industria.



PARQUE TECNOLÓXICO:

Espazo que conta con grandes investimentos oficiais co fin de atraer empresas nacionais e estranxeiras adicadas a sectores punta, xeradoras de innovación.

